


De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o luns, día 20 de abril de 2009, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- * Aprobación da Normativa de permisos e licenzas.
- * Aprobación de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
- * Aprobación do encargo de docencia para o curso 2009-10.
- * Aprobación do calendario académico do curso 2009-10.
- * Aprobación do encargo da preparación de propostas de títulos de grao para a súa implantación no curso académico 2010-11.
- * Aprobación do calendario de tramitación de propostas de grao para a súa implantación no curso 2010-11.
- * Delegación na vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea da aprobación dos informes de alegacións e modificacións das memorias en resposta ás propostas de informe de título (de grao e mestrado) remitidas pola ANECA.
- * Aprobación da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao.
- * Modificación da Normativa de libre elección.
- * Designación como delegado da Universidade de Vigo no Centro Universitario da Defensa de D. José Carlos Prado Prado.
- * Designación como representante no Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública de Dna. Esther M^a González Pillado.
- * Aprobación da Convocatoria de axudas de investigación 2009.
- * Aprobación da Convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para o curso 2009-10.
- * Aprobación da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Takeshi Yasumoto.
- * Aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo do persoal de administración e servizos laboral e funcionario da Universidade de Vigo.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Protocolo de actuación coas Universidades Autónoma de Madrid, Cantabria, Complutense de Madrid, Extremadura, Granada, Les Iles Balears, Jaume I de Castellón, Murcia, Oviedo, País Vasco, Sevilla e Valencia para levar a cabo conxuntamente a organización e desenvolvemento das ensinanzas conducentes ao título oficial de doutoramento en química teórica e modelización computacional – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Gastón Dachary – Convenio coas Universidades de Huelva, Extremadura, Algarve, Évora, Beira Interior e Trás-os-Montes e Alto Douro, relativo ao círculo ibérico de economía empresarial (CIBECM) – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- * Foi elixido como membro da Comisión de Organización Académica e Profesorado polo sector PDI, D. Pedro Arias Sánchez.
- * Foi elixida como membro da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos polo sector PDI, Dna. María López Díaz.

Vigo, 21 de abril de 2009
A secretaria xeral



Esther M^a González Pillado

